

➔ **Avaliacións trimestrais:**

- Un **80%** da nota corresponderá á media aritmética das **probos escritos** (dúas por trimestre). Nestas probas valoraranse os contidos e a correcta expresión dos mesmos (coherencia, cohesión e axeitada presentación).
Despois de sumada a nota do contido da proba, descontarase 0.05 por cada til non diacrítico incorrecto e 0.1 polo resto das faltas ortográficas, ata un máximo de 1 punto.
- Un **10%** corresponderá ao resultado da **proba da lectura** de cada trimestre. Esta será oral ou escrita e valorarase a correcta comprensión da obra, así como a expresión adecuada dos contidos.
- Un **10%** extraerase do **traballo diario** do alumno, tanto na aula como na casa; das **composicións escritas** e da **expresión oral** (resultado de exposicións monográficas planificadas e intervencións espontáneas na clase).

Tarefas diarias (0,2)			Expresión escrita (0,3)				Expresión oral (0,5)	
-2 chamadas-			-Tres redaccións-				Exposición	Emprego do galego na aula
+	.	-	Ø	V-	V	V+	0,4	0,1
0,15	0,1	0	0	0,05	0,1	0,15		

- *Ademais do exposto, valorarase positivamente a lectura voluntaria doutros libros suxeridos polo profesor cunha puntuación adicional máxima de 0,5 (mediante unha proba oral)*

➔ **Avaliación final:**

- A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.
- O aprobado acádase se as tres avaliacións o están. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cunha nota igual ou superior a 4, e a nota media resultante sexa igual ou superior a 5.

➔ **Recuperacións:**

- Existirán probas de recuperación para as avaliacións que estean suspensas. Estas probas destinaranse a recuperar avaliacións, non exames parciais.